

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2019/2020

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CBMAM01	Carpintaría e moble	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3074	Operacións básicas de mecanizado de madeira e derivados	2019/2020	8	281	281

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JAVIER TOMÉ CASTRO,REBECA BLANCO LORENZO (Subst.)
Outro profesorado	REBECA BLANCO LORENZO

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A finalidade deste módulo é a de formar ó alumnado para que sexa capaz de realizar as operacións básicas de mecanizado de madeira e derivados, con unha calidade mínima, axustándose ós procedementos establecidos e cumprindo coas normas de seguridade e prevención de riscos.

Contribúe a acadar os seguintes obxectivos xerais:

- Identificar as principais fases dos procesos de mecanizado da madeira e derivados, determinando a secuencia de operacións para seleccionar a zona de traballo e as máquinas e ferramentas necesarias.
- Interpretar e elaborar documentación técnica, esbozos, planos de taller, ..., para despois seleccionar e reunir os materiais necesarios para o seu mecanizado, previo marcado e trazado.
- Manexar con soltura as ferramentas manuais e máquinas portátiles, seleccionando con criterio a adecuada para cada operación de mecanizado, tendo en conta sempre as normas de seguridade na súa utilización, realizando tamén un correcto mantemento e conservación das ferramentas.
- Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral, co propósito de evitar danos persoais, ambientais e ó resto de persoas.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					307400			
					RA1	RA2	RA3	RA4
1	Operacións básicas de mecanizado con ferramenta manual.	Nesta UD aprenderase a realizar as diferentes operacións básicas de mecanizado, empregando ferramenta manual.	96	35	X		X	X
2	Operacións básicas de mecanizado con maquinaria portátil.	Nesta UD aprenderase a realizar as diferentes operacións básicas de mecanizado, empregando maquinaria portátil e de taller.	66	23			X	X
3	Unións en madeira e derivados	Nesta UD aprenderase a identificar e aplicar as distintas unións utilizadas no traballo da madeira.	47	16				X
4	Madeiras e produtos derivados	Nesta UD aprenderase a identificar e seleccionar as diferentes madeiras e produtos derivados.	36	13		X		
5	Documentación técnica	Nesta UD aprenderase a elaborar e interpretar a documentación técnica.	36	13	X			
Total:			281					



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Operacións básicas de mecanizado con ferramenta manual.	96

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta documentación técnica distinguindo vistas, pezas, seccións, unións, detalles, perfís e cotas	SI
RA3 - Aplica as operacións básicas de mecanizado sobre madeira e derivados con ferramentas manuais ou con maquinaria, identificando os procesos e as condicións idóneas de mecanizado	SI
RA4 - Realiza unións en madeira e derivados distinguindo as máis apropiadas en función do material, da funcionalidade e de criterios de economía	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Operacións básicas de mecanizado: serrar, cepillar, escuadrar, retestar, acanalar, fresar e trardear. 1.2 Medidas de prevención de riscos laborais. 1.3 Medios de protección no taller.	1	Operacións básicas de mecanizado con ferramenta manual.	96,0
TOTAL			96

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícase e trasladouse ao material a información relativa a escalas e cotas da documentación técnica	● OU.1 - Traballo en taller.	S	5
CA1.2 Interpretouse e trasladouse ao material a información relativa aos tipos de superficies, cortes, trades e ferraxes identificados na documentación técnica	● OU.2 - Traballo en taller.	N	0
CA1.3 Utilizáronse as vistas e os detalles da peza para conseguir unha visión completa da tarefa que cumpria realizar	● OU.3 - Materias impartidas na aula/taller.	S	15
CA1.4 Interpretouse e trasladouse ao material de xeito coherente toda información verbal, escrita ou gráfica proporcionada pola persoa encargada	● OU.4 - Traballo en taller.	N	0
CA1.5 Elimináronse posibles erros de interpretación, debuxando bosquejos e esbozos con cotas das tarefas que cumpria realizar	● OU.5 - Materias impartidas na aula/taller.	S	15
CA1.6 Trazáronse planos sinxelos, con cotas e a escala a partir das ideas, os bosquejos e os esbozos, seguindo a normativa UNE e empregando utensilios de marcaxe e medición	● OU.6 - Materias impartidas na aula/taller.	S	6
CA1.7 Elaboráronse vistas, cortes, liñas de rotura e detalles que complementen a información xeral	● PE.1 - Práctica de aula.	S	5
CA1.8 Elaborouse a nota de madeira e a folia de procesos a partir da documentación gráfica realizada, aproveitando convenientemente os recursos e eliminando tempos mortos	● OU.7 - Práctica de aula.	N	0
CA1.9 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos	● OU.8 - Traballo en taller.	N	0
CA1.10 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe	● OU.9 - Traballo en taller.	S	2
CA1.11 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza	● OU.10 - Traballo en taller.	N	0



Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Agrupáronse as materias primas no almacén en función das súas características (material, tamaño, forma e defectos) e da súa aplicación	● OU.11 - Traballo en taller.	N	0
CA3.2 Estableceuse unha orde de execución en función do óptimo aproveitamento dos recursos	● OU.12 - Traballo en taller.	S	10
CA3.3 Suxeitáronse as pezas para mecanizar con elementos de aperto	● OU.13 - Traballo en taller.	S	10
CA3.4 Alimentáronse correctamente as máquinas manuais tendo en conta os defectos de forma e calidade da madeira e a dirección da fibra	● OU.14 - Traballo en taller.	N	0
CA3.5 Alimentáronse as máquinas automáticas, tendo en conta o proceso que se vaia desenvolver e os parámetros da máquina	● OU.15 - Materias impartidas na aula/taller.	N	0
CA3.6 Mecanizáronse pezas de madeira e derivados coa serra de cinta utilizando patróns para obter un maior rendemento, respectando as normas de seguridade	● OU.16 - Materias impartidas na aula/taller	N	0
CA3.7 Mecanizáronse pezas na tupí utilizando patróns ou ao aire, con suxeición correcta da peza e respectando as medidas de seguridade	● OU.17 - Materias impartidas na aula/taller	N	0
CA3.8 Mecanizáronse taboleiros e retestáronse na serra circular manexando a escuadradora, aplicando medidas de seguridade	● OU.18 - Traballo en taller.	N	0
CA3.9 Verifícanse con patróns ou medicións as pezas e os produtos obtidos tras o mecanizado, e corríronse posibles erros	● OU.19 - Traballo en taller.	S	10
CA3.10 Mantívose a área de traballo co grao axeitado de orde e limpeza	● OU.20 - Traballo en taller.	S	5
CA3.11 Aplicáronse as normas de seguridade e saúde laboral utilizando correctamente as proteccións das máquinas e os medios individuais de protección	● OU.21 - Traballo en taller.	S	5
CA3.12 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos	● OU.22 - Traballo en taller.	S	2
CA3.13 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe	● OU.23 - Traballo en taller.	N	0
CA3.14 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza	● OU.24 - Traballo en taller.	N	0
CA4.1 Uníronse as partes mecanizadas mediante ensamblaxes, empalmes ou elementos de fixación	● OU.25 - Traballo en taller.	S	10
CA4.2 Uníronse os taboleiros mediante elementos de suxeición específicos	● OU.26 - Traballo en taller.	N	0
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Interpretación de planos construtivos. Distinción de pezas, unións e perfís.</p> <p>Utensilios de medición (metro, calibre, compás, escuadra, falsa escuadra, pé de rei, goniómetro e niveis): tipos e usos.</p> <p>Trazado: utensilios (gramil, gramil de perfís, chumbada trazadora, punta de trazar e coitela), e realización de patróns.</p> <p>Ferramenta manual: fundamento, uso, afiadura e mantemento.</p> <p>Ferramenta eléctrica e electroportátil: fundamento, uso e mantemento.</p> <p>Maquinaria de taller (serra de cinta, serra circular, tupí, cepilladora e regresadora; espigadora, torno, lixadora e trade): partes, utilidade e funcionamento; posta en marcha e control; mantemento básico.</p> <p>Operacións básicas de mecanizado: serrar, cepillar, escuadrar, retestar, acanalar, fresar e tradear.</p> <p>Medidas de prevención de riscos laborais.</p> <p>Medios de protección en máquinas.</p>



Contidos
Medios de protección no taller.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Operacións básicas de mecanizado con ferramenta manual. - Realización de diferentes operacións básicas de mecanizado, empregando ferramenta manual.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da unidade didáctica. Obxectivos. Mínimos esixibles e criterios de avaliación. Presentación e explicación da realización das operacións básicas de mecanizado con ferramenta manual de taller. Explicación de dúbidas e valoración de actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar prácticas de operacións básicas de mecanizado con ferramenta manual en taller. 	<ul style="list-style-type: none"> Aprender os procesos das operacións básicas de mecanizado de madeira con ferramenta manual. 	<ul style="list-style-type: none"> Taller de carpintería de madeira. Ferramentas manuais. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Traballo en taller. OU.2 - Traballo en taller. OU.3 - Materias impartidas na aula/taller. OU.4 - Traballo en taller. OU.5 - Materias impartidas na aula/taller. OU.6 - Materias impartidas na aula/taller. OU.7 - Práctica de aula. OU.8 - Traballo en taller. OU.9 - Traballo en taller. OU.10 - Traballo en taller. OU.11 - Traballo en taller. OU.12 - Traballo en taller. OU.13 - Traballo en taller. OU.14 - Traballo en taller. OU.15 - Materias impartidas na aula/taller. OU.16 - Materias impartidas na aula/taller. OU.17 - Materias impartidas na aula/taller. OU.18 - Traballo en taller. OU.19 - Traballo en taller. OU.20 - Traballo en taller. OU.21 - Traballo en taller. OU.22 - Traballo en taller. OU.23 - Traballo en taller. OU.24 - Traballo en taller. OU.25 - Traballo en taller. 	96,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> • OU.26 - Traballo en taller. • PE.1 - Práctica de aula. 	
TOTAL						96,0



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Operacións básicas de mecanizado con maquinaria portátil.	66

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica as operacións básicas de mecanizado sobre madeira e derivados con ferramentas manuais ou con maquinaria, identificando os procesos e as condicións idóneas de mecanizado	NO
RA4 - Realiza unións en madeira e derivados distinguindo as máis apropiadas en función do material, da funcionalidade e de criterios de economía	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar a ferramenta eléctrica e electroportátil. 1.2 Realizar as operacións básicas de mecanizado: serrar, cepillar, escuadrar, retestar, acanalar, fresar e tradear. 1.3 Coñecer e realizar diferentes técnicas de unión: desmontable, encolada, mecanizada e reforzada. 1.4 Coñecer e aplicar as medidas de prevención de riscos laborais.	1	Operacións básicas de mecanizado, empregando maquinaria portátil.	66,0
TOTAL			66

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Agrupáronse as materias primas no almacén en función das súas características (material, tamaño, forma e defectos) e da súa aplicación	● OU.1 - Traballo en taller.	N	0
CA3.2 Estableceuse unha orde de execución en función do óptimo aproveitamento dos recursos	● OU.2 - Traballo en taller.	S	13
CA3.3 Suxeitáronse as pezas para mecanizar con elementos de aperto	● OU.3 - Traballo en taller.	S	12
CA3.4 Alimentáronse correctamente as máquinas manuais tendo en conta os defectos de forma e calidade da madeira e a dirección da fibra	● OU.4 - Traballo en taller.	N	0
CA3.5 Alimentáronse as máquinas automáticas, tendo en conta o proceso que se vaia desenvolver e os parámetros da máquina	● OU.5 - Traballo en taller.	N	0
CA3.6 Mecanizáronse pezas de madeira e derivados coa serra de cinta utilizando patróns para obter un maior rendemento, respectando as normas de seguridade	● OU.6 - Traballo en taller.	N	0
CA3.7 Mecanizáronse pezas na tupí utilizando patróns ou ao aire, con suxeición correcta da peza e respectando as medidas de seguridade	● OU.7 - Traballo en taller.	N	0
CA3.8 Mecanizáronse taboleiros e retestáronse na serra circular manexando a escuadradora, aplicando medidas de seguridade	● OU.8 - Traballo en taller.	N	0
CA3.9 Verifícanse con patróns ou medicións as pezas e os produtos obtidos tras o mecanizado, e corríronse posibles erros	● OU.9 - Traballo en taller.	S	15
CA3.10 Mantívose a área de traballo co grao axeitado de orde e limpeza	● OU.10 - Traballo en taller.	S	10
CA3.11 Aplicáronse as normas de seguridade e saúde laboral utilizando correctamente as proteccións das máquinas e os medios individuais de protección	● OU.11 - Traballo en taller.	S	15
CA3.12 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos	● OU.12 - Traballo en taller.	N	0



Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.13 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> OU.13 - Traballo en taller. 	N	0
CA4.1 Uníronse as partes mecanizadas mediante ensamblaxes, empalmes ou elementos de fixación	<ul style="list-style-type: none"> OU.14 - Traballo en taller. 	S	35
CA4.2 Uníronse os taboleiros mediante elementos de suxeición específicos	<ul style="list-style-type: none"> OU.15 - Materias impartidas na aula/taller. 	N	0
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Ferramenta eléctrica e electroportátil: fundamento, uso e mantemento.</p> <p>Maquinaria de taller (serra de cinta, serra circular, tupi, cepilladora e regresadora; espigadora, torno, lixadora e trade): partes, utilidade e funcionamento; posta en marcha e control; mantemento básico.</p> <p>Operacións básicas de mecanizado: serrar, cepillar, escuadrar, retestar, acanalar, fresar e tradear.</p> <p>Medidas de prevención de riscos laborais.</p> <p>Medios de protección en máquinas.</p> <p>Medios de protección no taller.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Operacións básicas de mecanizado, empregando maquinaria portátil. - Realización de distintas operacións básicas de mecanizado, empregando maquinaria portátil.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación do módulo. Obxectivos. Mínimos esixibles e criterios de avaliación. Presentación e explicación da realización das operacións básicas de mecanizado, empregando maquinaria de man e portátil. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar operacións básicas de mecanizado empregando maquinaria portátil. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender os procesos das operacións básicas de mecanizado de madeira con maquinaria portátil. 	<ul style="list-style-type: none"> • Taller de carpintería de madeira. Ferramentas manuais e maquinaria portátil. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Traballo en taller. • OU.2 - Traballo en taller. • OU.3 - Traballo en taller. • OU.4 - Traballo en taller. • OU.5 - Traballo en taller. • OU.6 - Traballo en taller. • OU.7 - Traballo en taller. • OU.8 - Traballo en taller. • OU.9 - Traballo en taller. • OU.10 - Traballo en taller. • OU.11 - Traballo en taller. • OU.12 - Traballo en taller. • OU.13 - Traballo en taller. • OU.14 - Traballo en taller. • OU.15 - Materias impartidas na aula/taller. 	66,0
					TOTAL	66,0



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Unións en madeira e derivados	47

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza unións en madeira e derivados distinguindo as máis apropiadas en función do material, da funcionalidade e de criterios de economía	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os ensambles en madeira, empalmes e acoplamentos. 1.2 Realizar diferentes exercicios de ensambles, acoplamentos e empalmes en madeira. 1.3 Coñecer as técnicas de unión: desmontable, encolada, mecanizada e reforzada. 1.4 Medidas de protección persoal e de prevención de riscos laborais.	1	Realización de unións en madeira e derivados.	47,0
TOTAL			47

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Uníronse as partes mecanizadas mediante ensamblaxes, empalmes ou elementos de fixación	● OU.1 - Trballo en taller.	S	25
CA4.2 Uníronse os taboleiros mediante elementos de suxeición específicos	● OU.2 - Trballo en taller.	S	25
CA4.3 Reforzáronse as unións en madeira mediante ferraxes, chaves e outros elementos	● OU.3 - Trballo en taller.	S	15
CA4.4 Elixíuse o tipo correcto de aglutinante en función do material, as condicións de traballo e as atmosféricas a que estará sometida a peza despois de posta en obra	● OU.4 - Trballo en taller.	N	0
CA4.5 Mantívose o equilibrio entre a funcionalidade e a economía no número de elementos de suxeición fixados ás pezas	● OU.5 - Trballo en taller.	N	0
CA4.6 Descríronse os labores de mantemento básico das ferramentas, a maquinaria e os utensilios utilizados	● OU.6 - Trballo en taller.	N	0
CA4.7 Aplicáronse as medidas e as normas de prevención e seguridade nas actividades realizadas	● OU.7 - Trballo en taller.	S	15
CA4.8 Responsabilizouse do labor que desenvolve, comunicándose eficazmente coa persoa adecuada en cada momento	● OU.8 - Trballo en taller.	N	0
CA4.9 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos	● OU.9 - Trballo en taller.	S	10
CA4.10 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe	● OU.10 - Trballo en taller.	S	10
CA4.11 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza	● OU.11 - Trballo en taller.	N	0
TOTAL			100



4.3.e) Contidos

Contidos
Xuntas de madeira: empalmes, ensamblaxes e acoplamentos.
Técnicas de unión: desmontable, encolada, mecanizada e reforzada.
Preparación da madeira. Preparación e aplicación das colas.
Medidas de prevención de riscos laborais. Medios de protección individuais.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Realización de unións en madeira e derivados. - Realización de diferentes exercicios de unións en madeira e derivados.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do módulo. Obxectivos e mínimos esixibles. Criterios de avaliación. Presentación e explicación de como se realizan unións en madeira e derivados. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar prácticas de unións en madeira e derivados. 	<ul style="list-style-type: none"> Aprender os procesos da realización de unións en madeira e derivados. 	<ul style="list-style-type: none"> Taller de carpintería de madeira. Ferramentas manuais e maquinaria portátil. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Traballo en taller. OU.2 - Traballo en taller. OU.3 - Traballo en taller. OU.4 - Traballo en taller. OU.5 - Traballo en taller. OU.6 - Traballo en taller. OU.7 - Traballo en taller. OU.8 - Traballo en taller. OU.9 - Traballo en taller. OU.10 - Traballo en taller. OU.11 - Traballo en taller. 	47,0
TOTAL						47,0



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Madeiras e produtos derivados	36

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona as madeiras e os seus produtos derivados, tendo en conta a relación entre as súas características técnicas e as súas aplicacións	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as propiedades da madeira. Clasificación e propiedades. Usos.	1	Madeira. Clasificación. Propiedades. Usos.	36,0
TOTAL			36

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse as madeiras e os seus produtos derivados convencionais do mercado	● PE.1 - Proba escrita.	S	15
CA2.2 Clasifícanse as madeiras en función das súas características ou a súa orixe	● PE.2 - Proba escrita.	S	10
CA2.3 Controlouse ou grao de humidade da madeira	● OU.1 - Traballo en taller.	N	0
CA2.4 Elixíuse correctamente a cara mestra da peza en función da súa ausencia de defectos e outros parámetros de calidade	● OU.2 - Traballo en taller.	S	15
CA2.5 Elixíuse correctamente a cara de referencia en función do seu achandamento e a súa escuadría	● OU.3 - Traballo en taller.	S	15
CA2.6 Elixíronse os utensilios de medición e trazado máis apropiados en función das características do material e das medidas que cumpra verificar	● OU.4 - Traballo en taller.	S	15
CA2.7 Trasládóronse as medidas da nota de madeira ao material con exactitude ou, de ser o caso, agrandadas para compensar as operacións posteriores de lixadura	● OU.5 - Traballo en taller.	S	15
CA2.8 Demostrouse responsabilidade ante erros e fracasos	● OU.6 - Traballo en taller.	N	0
CA2.9 Identifícanse os riscos laborais e ambientais, así como as medidas para a súa prevención	● OU.7 - Traballo en taller.	S	10
CA2.10 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos	● OU.8 - Traballo en taller.	N	0
CA2.11 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe	● OU.9 - Traballo en taller.	S	5
CA2.12 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se estableza	● OU.10 - Traballo en taller.	N	0
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos



Contidos
Madeira. Clasificación: dura, branda/exótica, indíxenas/coníferas e frondosa.
Doenzas e defectos da madeira: tipos e solucións.
Dimensións e clasificación da madeira.
Derivados da madeira: taboleiros de partículas, de fibras (DM) e contrachapados.
Accións sobre a madeira: secado natural e artificial. Tratamentos preventivos.
Medición e trazado de pezas.
Valoración da orixe das madeiras.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Madeira. Clasificación. Propiedades. Usos. - Madeira. Clasificación. Propiedades.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do módulo. Obxectivos, mínimos esixibles e criterios de avaliación. Presentación e explicación da madeira, clasificación, as súas propiedades e usos. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar exercicios de recoñecemento de diferentes tipos de madeira, os seus usos e as súas propiedades. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os diferentes tipos de madeira, os seus usos e as propiedades. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula de teoría, equipamento informático. Elementos de taller. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Traballo en taller. OU.2 - Traballo en taller. OU.3 - Traballo en taller. OU.4 - Traballo en taller. OU.5 - Traballo en taller. OU.6 - Traballo en taller. OU.7 - Traballo en taller. OU.8 - Traballo en taller. OU.9 - Traballo en taller. OU.10 - Traballo en taller. PE.1 - Proba escrita. PE.2 - Proba escrita. 	36,0
TOTAL						36,0



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Documentación técnica	36

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta documentación técnica distinguindo vistas, pezas, seccións, unións, detalles, perfís e cotas	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Elaborar documentación técnica necesaria para os traballos de taller. 1.2 Coñecer vistas principais (planta, alzado e perfil) e interpretar as vistas dun obxecto. 1.3 Identificar e trasladar as cotas da documentación técnica ao material de traballo en taller. 1.4 Interpretar planos construtivos.	1	Documentación técnica.	36,0
TOTAL			36

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícouse e trasladouse ao material a información relativa a escalas e cotas da documentación técnica	● PE.1 - Práctica de aula.	S	5
CA1.2 Interpretouse e trasladouse ao material a información relativa aos tipos de superficies, cortes, trades e ferraxes identificados na documentación técnica	● PE.2 - Práctica de aula.	S	10
CA1.3 Utilizáronse as vistas e os detalles da peza para conseguir unha visión completa da tarefa que cumpria realizar	● PE.3 - Práctica de aula.	S	15
CA1.4 Interpretouse e trasladouse ao material de xeito coherente toda información verbal, escrita ou gráfica proporcionada pola persoa encargada	● OU.1 - Traballo en taller.	N	0
CA1.5 Elimináronse posibles erros de interpretación, debuxando bosquexos e esbozos con cotas das tarefas que cumpria realizar	● OU.2 - Traballo en taller.	N	0
CA1.6 Trazáronse planos sinxelos, con cotas e a escala a partir das ideas, os bosquexos e os esbozos, seguindo a normativa UNE e empregando utensilios de marcaxe e medición	● PE.4 - Práctica de aula.	S	25
CA1.7 Elaboráronse vistas, cortes, liñas de rotura e detalles que complementen a información xeral	● PE.5 - Práctica de aula.	S	25
CA1.8 Elaborouse a nota de madeira e a folia de procesos a partir da documentación gráfica realizada, aproveitando convenientemente os recursos e eliminando tempos mortos	● PE.6 - Práctica de aula.	S	10
CA1.9 Valorouse a orde e a limpeza como factor de prevención de riscos	● OU.3 - Traballo en taller.	S	5
CA1.10 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe	● OU.4 - Traballo en taller.	S	5
CA1.11 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se establece	● OU.5 - Traballo en taller.	N	0
TOTAL			100



4.5.e) Contidos

Contidos
Interpretación de planos constructivos. Distinción de pezas, unións e perfís.
Utensilios de medición (metro, calibre, compás, escuadra, falsa escuadra, pé de rei, goniómetro e niveis): tipos e usos.
Trazado: utensilios (gramil, gramil de perfís, chumbada trazadora, punta de trazar e coitela), e realización de patróns.

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Documentación técnica. - Interpretación e elaboración da documentación técnica necesaria para a realización dos traballos de taller. Esbozos, vistas, planos e acotación.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación do módulo. Obxectivos. Mínimos esixibles, criterios de avaliación. Presentación e explicación de como se realizan os bosquejos, as representacións en plano, vistas principais de pezas e as prácticas de taller. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar exercicios de debuxo, vistas principais de pezas, bosquejos e representación en plano da realidade a escala. Representación gráfica das prácticas que se realizan en taller. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a realizar a documentación técnica necesaria para o seu uso no taller de carpintería de madeira. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula de teoría, equipamento informático, instrumentos de debuxo. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 - Traballo en taller. • OU.2 - Traballo en taller. • OU.3 - Traballo en taller. • OU.4 - Traballo en taller. • OU.5 - Traballo en taller. • PE.1 - Práctica de aula. • PE.2 - Práctica de aula. • PE.3 - Práctica de aula. • PE.4 - Práctica de aula. • PE.5 - Práctica de aula. • PE.6 - Práctica de aula. 	36,0
TOTAL						36,0



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS ESIXIBLES

- Coñecer e identificar de forma xeral as distintas zonas de traballo nun taller de carpintería e as normas de actuación e conducta que nel se establezan para un bo funcionamento do mesmo.
- Identificar e diferenciar de forma xeral tipos de madeiras e taboleiros derivados, sabendo analizar as propiedades e defectos destes de cara a elixir o adecuado para un traballo determinado.
- Coñecer os distintos tipos de ferramenta manual mais utilizados no traballo da madeira e derivados, así como adquirir destreza na súa utilización e manexo das mesmas.
- Coñecer os distintos tipos de maquinaria portátil, entendendo o seu funcionamento e identificando o tipo de mecanizado que realizan cada unha delas.
- Adquirir destreza no manexo das máquinas e ser capaz de cambiar os seus accesorios de corte e preparamos para un determinado traballo, así como saber realizar nelas as operacións necesarias para o seu mantemento e conservación.
- Saber realizar e interpretar planos sinxelos de fabricación e instalación de carpintería e moble.
- Coñecer os distintos sistemas de unión entre madeiras e taboleiros mais utilizados nos traballos de carpintería e moble, e saber realizar o seu marcaxe e trazado utilizando as ferramentas e técnicas adecuadas para unha boa execución.
- Identificar con acerto os riscos relacionados cos traballos nun taller de carpintería, así como saber utilizar os medios dispoñibles para a prevención de ditos riscos, tanto os das propias máquinas como os equipos de protección individual.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O alumnado será avaliado cada trimestre do seguinte xeito:

1º. Realización dunha proba escrita. Poderá estar formado por un ou varios elementos (preguntas tipo test, curtas, de desenvolvemento, actividades de aula, asociación de conceptos ou outros). Valorarase de 1 a 10 puntos. O valor de cada pregunta figurará na proba. O peso da proba no conxunto da avaliación será dun 20%.

Darase un prazo de 10 minutos para poder entrar á proba. Pasado este período, salvo causa debidamente xustificada, o alumno poderá ser excluído da proba.

O alumnado que durante esta proba realizase actuacións que non sexan acordes coa natureza do acto poderán ser excluídos da proba. Recibirán unha calificación de 1 e terán que facer a recuperación en Xuño. Dado que se precisan uns coñecementos teóricos mínimos en canto a manexo de ferramentas, normas de seguridade e prevención de riscos, se o alumnado obtén neste exercicio unha nota inferior a 3 puntos, terá unha avaliación negativa e unha calificación máxima de 4 puntos, con independencia da valoración dos diferentes apartados.

No caso de que o profesor estime oportuno, polas características ou necesidades do alumnado, realizar mais dun exame ao longo de cada avaliación, poderá realizar o número que estime oportuno. A nota a considerar para a avaliación será a media de tódolos exames realizados, cun peso total na avaliación dun 20%.

2º. Realización de actividades prácticas no taller. Os exercicios realizados neste período serán avaliados conforme aos criterios establecidos, e aqueles que non fosen terminadas a tempo para ser avaliados, quedarán pendentes de rematar. Non se poderá empezar os exercicios da seguinte avaliación ata rematar os exercicios pendentes. Dado que é avaliación continua, os exercicios pendentes de remata non serán tidos en conta a



efectos de valoración na seguinte avaliación, sendo valorados unicamente os exercicios feitos da correspondente avaliación.

Esta proba terá un peso no conxunto da avaliación dun 60%.

Os criterios que se terán en conta nas actividades prácticas son:

- A limpeza dos caxeados.
- A perfección das unións.
- As dimensión e forma do conxunto coincide co establecido no plano.
- Os ángulos dos consuntos axústanse ao establecido nos planos.
- O mecanizado é correcto.

Os exercicios que, a xuízo do profesor, teñan unha valoración inferior a 5 puntos en algún dos criterios establecidos previamente, serán repetidos.

O peso dos distintos exercicios nas distintas avaliacións será o seguinte:

1ª avaliación. Realización de 5 prácticas de taller, e dous proxectos. Cada proxecto suporá un 35% da nota, e cada práctica un 6%

2ª avaliación. Realización de 5 prácticas de taller, e dous proxectos. Cada proxecto suporá un 35% da nota, e cada práctica un 6%

3ª avaliación. Realización de 5 prácticas de taller, e un proxecto. O proxecto suporá un 65% da nota, e cada práctica un 7%

Aqueles alumnos que rematasen os exercicios previstos en cada avaliación, realizarán os exercicios da seguinte avaliación.

AS ACTIVIDADES EN CADA AVALIACIÓN PODERÁN SER SUSTITUÍDAS POR OUTRAS DE SIMILARES CARACTERÍSTICAS.

3ª Actitude do alumno/a na aula e no taller. Este apartado terá un peso no conxunto da avaliación dun 20%.

O alumnado será avaliado conforme ós criterios de avaliación e porcentaxe establecidos na programación. (Predisposición cara ó aprendizaxe, orden e limpeza nas instalacións, traballo en equipo)

O alumnado será observado diariamente durante o trimestre e será penalizado negativamente, a xuízo do profesor, se cometese infraccións coma por exemplo:

- Falta de respecto aos compañeiros.
- Non traballar en equipo cando é necesario.
- Comportamento impropio ou inadecuado na aula ou no taller.
- Non traer roupa de traballo adecuada.
- Non recoller as ferramentas do taller ou facelo inadecuadamente.
- Insuficiente orde e limpeza das instalacións.
- Non realizar as tarefas diarias de clase ou taller.
- Non traer o material necesario para as clases.
- Usar na aula ou no taller equipos reprodutores ou gravadores de imaxe e son (móviles, mpe, mp4 ou de similares características)
- Inxerir sólidos ou líquidos (agás auga) durante o horario de clases.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Actividades de recuperación dos contidos teóricos:

Non se farán recuperacións parciais dos contidos teóricos nas distintas avaliacións.

Os coñecementos teóricos non superados das distintas avaliacións serán avaliados no mes de xuño nunha proba de recuperación final.

Esta proba consistirá nun exercicio escrito que estará composto por un mínimo de tres partes, correspondentes a cada unha das avaliacións do curso non superadas. Terá unha duración mínima de 60 minutos, e poderá estar formado por un ou varios destes elementos: preguntas tipo test, preguntas curtas, preguntas de desenvolvemento, asociación de conceptos ou outras de similares características.



Este exame tamén poderá contar cunha parte de carácter práctico baseado nos exercicios realizados ao longo do curso no desenvolvemento das clases. A calificación final da proba de avaliación será o resultado de obter a media das calificacións das diferentes probas, tendo en conta que para poder facer media terán que acadar unha puntuación mínima de 3 puntos sobre 10 en cada unha delas.

Para aprobar o módulo esta calificación media debe ser igual ou superior a 5.

Darase un prazo de 15 minutos para poder entrar á proba. Pasado este tempo, salvo causa debidamente xustificada, o alumno poderá ser excluído da proba e, por tanto, non superará a proba extraordinaria e será considerado NON APTO.

O profesor poderá dar por rematada a proba en calquera momento a aqueles alumnos que realizasen actuacións non acordes coa natureza do acto, ou ben establecer unha penalización no exercicio.

O alumno/a só deberá recuperar aqueles contidos teóricos non superados nas distintas avaliacións.

Actividades de recuperación en exercicio prácticos:

Xa que a avaliación é continua, todo o alumnado que non superase os exercicios prácticos previstos na avaliación, deberá superar ditos exercicios no transcurso da seguinte avaliación.

Se ó final de curso o alumno non tivese realizados todos os exercicios previstos durante o curso, terá un prazo de recuperación para rematalos.

Pasado ese prazo, se non entrega os traballos, fará un exercicio práctico que estará relacionado coa materia reflexada no currículo do ciclo. A duración deste exercicio será determinada polo profesor, cun mínimo de dúas horas e un máximo de seis.

O profesor poderá dar por rematada a proba en calquera momento a aqueles alumnos que realizasen actuacións non acordes coa natureza do acto, ou ben establecer unha penalización no exercicio.

Esta proba poderá omitirse se, a criterio exclusivo do profesor do módulo, o alumno/a conseguiu alcanzar durante o curso as habilidades requeridas no módulo e establecidas no currículo.

Non se permitirá realizar esta parte da proba a aqueles alumnos que no momento de realización da mesma non veñan equipados cos equipos de protección individual axeitados.

Os alumnos que no exercicio final obteñan unha nota inferior a 5, suspenderán o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Esta proba extraordinaria constará de dúas partes:

PRIMEIRO EXERCICIO:

Esta proba consistirá nun exercicio escrito que estará composto por un mínimo de tres partes, correspondentes aos contidos de cada unha das avaliacións do curso. Duración máxima 60 minutos, e poderá estar formado por un ou varios destes elementos: preguntas tipo test, curtas, de desenvolver ou outras de similares características.

Tamén poderá contar con exercicios realizados ao longo do curso no desenvolvemento das clases. A calificación final da proba de avaliación será o resultado de obter a media das calificacións das diferentes probas, tendo en conta que para poder facer media terán que acadar unha puntuación mínima de 3 puntos sobre 10 en cada unha delas.

Para aprobar esta parte da proba a calificación media debe ser igual ou superior a 5.

O alumno que non supere o exercicio cunha puntuación mínima de 5, non poderá realizar o segundo exercicio e, por tanto, non superará a proba final extraordinaria. Para aqueles que o superen, o peso deste exercicio na nota final será dun 30%.

Darase un prazo de 10 minutos para poder entrar á proba. Pasado este tempo, salvo causa debidamente xustificada, o alumno poderá ser excluído da proba e, por tanto, non superará a proba extraordinaria e será considerado NON APTO.

O alumnado que durante esta proba realizase actuacións que non sexan acordes coa natureza do acto poderán ser excluídos da proba e recibirán unha calificación de 1.



SEGUNDO EJERCICIO:

Consistirá nunha ou varias probas prácticas e estarán relacionadas con contidos impartidos no módulo. A duración deste exercicio quedará a xuízo do profesor, sendo mínimo 2 horas e máximo 6 horas.

Darase un prazo de 10 minutos para poder entrar á proba. Pasado este tempo, salvo causa debidamente xustificada, o alumno poderá ser excluído da proba e, por tanto, non superará a proba extraordinaria e será considerado NON APTO.

O alumnado que durante esta proba realizase actuacións que non sexan acordes coa natureza do acto poderán ser excluídos da proba e recibirán unha calificación de 1.

Non se permitirá realizar esta parte da proba a aqueles alumnos que no momento da realización da mesma non veñan equipados cos epis axeitados ó módulo formativo.

Aquel alumno que no exercicio obteña unha nota inferior a 5 suspenderá o módulo.

O peso da nota final deste exercicio será dun 70%. A puntuación final desta avaliación extraordinaria será a suma dos dous exercicios.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O sistema de xestión de calidade (SXC) establece a obriga de realizar un seguimento mensual da programación, tanto nas reunións do Equipo Docente, como nas reunións do Departamento de Madeira, Moble e Cortiza. A finalidade destas reunións é analizar o nivel de cumprimento do programado, así como a valoración dos resultados académicos obtidos, incluíndo se é preciso, propostas de mellora que podan ser interesantes cara ó vindeiro curso (e incluíndoas na memoria final do departamento). Asemade, despois de cada trimestre, elaborárase un cuestionario para que o alumnado poida avaliar a práctica docente, o cumprimento do programa e propoñer melloras. Este proceso repetirase ao final do curso con outro cuestionario, co fin de averiguar o grado de conformidade do alumnado co módulo en xeral.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realízase ó longo do primeiro mes de curso, mediante a observación, seguimento e con probas orais e/ou escritas faremos unha exploración inicial o alumnado de nova

incorporación, que nos aportará datos referidos a aptitudes e intereses do alumno.

O equipo docente, xunto co orientador do centro, reunirase para comentar as necesidades específicas detectadas. No caso de haber alumnos que requiran medidas especiais de atención, éstas serán consensuadas entre o centro formativo e o pai/nai/titor.

Para deseñar as medidas de apoio ás necesidades educativas especiais dos alumnos, avalíaranse as súas limitacións. Non se plantexa ningunha fórmula xenérica, posto que cada situación requirirá unha análise e unha solución específica. Describense a continuación algúns exemplos:

- Os alumnos con problemas de motricidade ou minusvalías físicas poderán dispor de máis tempo para o desenvolvemento das prácticas no taller.

En función das súas limitacións tamén se poderá adaptar ou simplificar o produto a elaborar.

- Os alumnos con minusvalías psíquicas ou dificultades de comunicación poderán realizar as probas teóricas de xeito oral. Outra alternativa será deseñar recursos didácticos con axudas gráficas que faciliten a comprensión.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais ...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. Este obxectivo só é alcanzable se a aula ordinaria se converte nun referente básico e o titor no eixo principal da resposta educativa á diversidade e, singularmente, aos alumnos con necesidades especiais. A responsabilidade non debe desplazarse do titor aos distintos profesionais. Polo contrario, estes deben



colaborar con aquél, dacordo coa proposta curricular, nun auténtico traballo interdisciplinar e de equipo. Para acadar este obxectivo tomaremos as seguintes medidas de reforzo:

- Agrupamento de alumnos.
- Traballos de ampliación de coñecementos adicionais para os mais avanzados.
- Apoio por parte do profesor para os alumnos con dificultades.
- Os alumnos mais avanzados axudarán aos compañeiros con dificultades de aprendizaxe.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tanto nas clases teóricas, como nas desenvolvidas no taller, farase fincapé na educación en valores. Destacarase a súa importancia, e farase reforzo positivo ante comportamentos adecuados dos alumnos.

Detalláanse a continuación algúns exemplos de actitudes e valores a promover:

- Espírito crítico na autoavaliación dos métodos de traballo empregados buscando mellorar os factores, calidade do produto e tempo empregado.
- Preocupación pola orde no posto de traballo, dispoño as ferramentas, útiles e instrumentos no mellor lugar para ser empregados.
- Comportamento activo para conseguir acabados pulcros nos traballos, realizando a verificación visual e sistemática do produto final.
- Responsabilidade na conservación das ferramentas, útiles e instrumentación, facendo por iniciativa propia o mantemento máis usual.
- Valoración dos traballos efectuados en función dos resultados, tempo utilizado e metodoloxía
- Responsabilidade para emitir un xuízo sobre os criterios utilizados á hora de rematar un traballo encomendado.
- Preocupación por utilizar a autoavaliación como ferramenta para mellorar as capacidades persoais.
- Actitude emprendedora e confianza na propia capacidade para consumir unha obra ben feita.
- Preocupación por adecuar o contorno ás necesidades dos procesos de traballo.
- Hábito na aplicación das normas relativas á posición corporal máis adecuada para evitar lesións e/ou enfermidades profesionais.
- Hábito na aplicación dos procedementos de calidade nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- Responsabilidade para cumprir as obrigas e exercer os seus dereitos derivados da súa actividade profesional, dacordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.
- Preocupación por la integración social, evitando a discriminación por motivos de raza, sexo, idioma, relixión...

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As programadas polo departamento, aprobadas polo consello escolar e debidamente autorizadas por todos os asistentes.